

1. INTRODUCCIÓN

1.1 XUSTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Os cambios producidos pola COVID-19 en todos os ámbitos e especialmente no xeito de relacionarnos establecido ata agora , requiren do desenvolvemento de estratexias e métodos de adaptación a unha situación complexa e diferente a que tiñamos antes da pandemia. No ámbito educativo , a aprendizaxe de linguas estranxeiras vese inevitablemente afectada polas novas circunstancias e compre afrontar o reto dende unha perspectiva aberta e cercana ao noso alumnado.

Co obxectivo de dar resposta ás necesidades educativas xeradas pola pandemia , esta programación para o curso escolar 2021-22 adáptase as necesidades dos estudantes tendo en conta os ritmos de aprendizaxe, a situación social , familiar e o estado anímico do alumnado . Continúase a considerar a Aula Virtual como un espazo máis de aprendizaxe e a integrala no día á día para que poida ser utilizada de xeito natural e eficiente en caso de confinamento ,evitando que se deteña o proceso de ensino-aprendizaxe .

O currículo básico para a etapa de Educación Primaria estrutúrase en torno a actividades de lingua tal como se describen no **Marco Común Europeo de referencia** para as Linguas: comprensión e produción (expresión e interacción) de textos orais e escritos. Os contidos, criterios e estándares están organizados en catro grandes bloques que se corresponden coas actividades de lingua mencionadas, eixe das ensinanzas da materia.

1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

O C.E.I.P. San Salvador é un centro escolar público que se atopa nas aforas de Vigo e que recibe alumnado de distintas zonas da cidade e tamén do concello limítrofe de Redondela.

O nivel educativo e social das familias do noso alumnado é moi heteroxéneo ao igual que a situación económica das familias . Iso conleva que o interese pola aprendizaxe

da lingua estranxeira e en consecuencia a motivación cara a mesma sexa moi diferente e dispar . Refírome a que hai familias que comprenden a necesidade de adquirir as habilidades comunicativas e competenciais en inglés pero non sucede igual en tódolos casos polo que este feito aumenta a dificultade do proceso de aprendizaxe . Asemade , nalgún caso , a convivencia e a resolución de conflitos ocupa un tempo que debería ser empregado á consecución dos obxectivos e das competencias básicas na Lingua Inglesa. En consecuencia a metodoloxía e as actividades empregadas para este fin, buscan adecuarse á realidade socio-económica , así como ás capacidades de todo alumnado , especialmente no momento actual onde a pandemia do coronavirus incrementa as dificultades de socialización e de igualdade de oportunidades a hora de programar para unha posible situación de confinamento . O reto educativo é maiúsculo pero tamén o é o afán por adaptarse ás circunstancias que nos toca vivir e superar os obstáculos que se presenten no camiño.

Imparto clases a todos os grupos do centro, é dicir, dende a segunda etapa de Educación Infantil ata o último nivel de Educación Primaria.

En Educación Infantil realízase ,na maioría dos casos, o primeiro achegamento do alumnado ao inglés e lévase á cabo dun xeito lúdico mediante a aprendizaxe de cancións, rimas , contos , provintes da internet e en formato papel. Tamén se fomenta a realización de xogos para lograr a iniciación na fonética inglesa e na comunicación básica na lingua estranxeira.

Os métodos escollidos son Amazing Rooftops da editorial Oxford para , 3º e 5º de Educación Primaria e Tiger da Editorial Macmillan para 4º e 6º da mesma etapa educativa .

Retomase a aula de Inglés como lugar habitual onde se imparten as clases e levase a cabo a desinfección de mesas , sillas e demais material escolar ó remate de cada sesión .
Dispoñemos de pantalla dixital-interactiva, proxector e un ordenador ou portátil.

